



XORNADA TÉCNICO-CIENTÍFICA SOBRE A XESTIÓN INTEGRADA DA ENFERMIDADES E PRAGAS NAS CONÍFERAS EN GALICIA

Localización: Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF Lourizán)

Duración: Xornada completa.

Data: 30 de outubro, xoves

Xustificación

A crecente incidencia e severidade das enfermidades fúnxicas coñecidas como banda vermella (*Dothistroma septosporum*) e banda marrón (*Lecanosticta acicola*) en coníferas do xénero *Pinus*, cun impacto particularmente acusado sobre *Pinus radiata*, constitúe na actualidade un reto prioritario para a sanidade forestal e a sustentabilidade das masas produtivas no norte da Península Ibérica. Ademais, doutras ameazas presentes e en expansión como o nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus*), organismo de corentena que supón un alto risco para *Pinus pinaster* e outras especies de coníferas.

Galicia, comunidade autónoma líder na produción e transformación primaria de madeira de coníferas, vese particularmente afectada pola expansión destas patoloxías, que comprometen a produtividade, a viabilidade económica e a resiliencia das masas forestais.

Neste marco, propónse a celebración dunha xornada técnico-científica organizada pola Axencia Galega da Industria Forestal e a Fundación Arume, co apoio técnico do CIF de Lourizán. A xornada contará coa participación de especialistas en sanidade forestal, silvicultura e mellora xenética de Galicia, así como expertos internacionais de Chile e Uruguai, países con ampla experiencia na xestión de enfermidades en plantacións de *Pinus radiata* e *Pinus taeda*.

Obxectivos da xornada

- Analizar o estado actual e a evolución prevista das enfermidades e pragas en Galicia.
- Avaliar a eficacia e aplicabilidade das medidas fitosanitarias vixentes que podemos tomar, segundo normativa estatal e comunitaria.
- Orientar os programas de mellora xenética cara á obtención de materiais resistentes ou tolerantes en *P. radiata* e *P. pinaster*.
- Avaliar o potencial de diversificación silvícola mediante a introdución de especies alternativas, como o *Pinus taeda*, atendendo á súa adaptación, rendemento e riscos sanitarios.
- Debater e impulsar un plan de coordinación para a xestión conxunta destas enfermidades tanto en Galicia como conxuntamente con outras comunidades do norte de España.





Programa

APERTURA

09:00 – 09:30 | Apertura institucional. Representantes da Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Industria. Alfredo Fernández Riós, Director da Axencia Galega da Industria Forestal, Xunta de Galicia.

BLOQUE I: DIAGNOSE E XESTIÓN A CURTO PRAZO

9:30 – 10:00 | Medidas sanitarias e silvícolas: ¿Que estamos a facer e que podemos facer? Representante da Dirección Xeral de Planificación e Ordeación Forestal, Xunta de Galicia.

10:00- 11:00 | Perspectiva internacional I: leccións aprendidas de Chile a Uruguai. **Fernando Droppelmann**, director da Cooperativa de melloramento xenético forestal de Chile, **Juan P. Posse**, director da rexional Tacuarembó do INIA de Uruguay e **Rodrigo Ahumada**, director del Consorcio de Plagas Forestales y miembro del Grupo de Sanidad forestal del Cono Sur – ARAUCO (Chile).

11:00 - 11:30 | Pausa café

BLOQUE II: ESTRATEXIAS A MEDIO PRAZO E DIVERSIFICACIÓN

11:30 - 12:15 | A mellora xenética: camiño cara á resistencia e/ou tolerancia no *Pinus radiata* e *Pinus pinaster*. Raquel Díaz Vázquez, investigadora do CIF Lourizán

12:15 - 13:15 | Perspectiva internacional II: mellora xenética, xestión adaptativa e introdución especies alternativas. Fernando Droppelmann, Juan P. Posse e Rodrigo Javier Ahumada.

13:15- 14:00 | Introdución a especies alternativas, como o *Pinus taeda*, adaptación, riscos sanitarios, mercado etc. Eva Prada Ojea, investigadora do CIF Lourizán

14:00 Pausa para refrixerio.

MESA REDONDA

15:30- 17:00 | Mesa Redonda: Itinerario común. Fixar os próximos pasos para impulsar un plan coordinado para a xestión das enfermidades das coníferas. Moderador: Juan Picos, profesor da Escola de Enxeñaría Forestal Campus Pontevedra, UVigo.



Participantes

- Investigadores e técnicos de centros públicos de investigación forestal (CIF Lourizán, USC, U. Vigo, TRAGSA I+D, Estación Fitopatolóxica do Areeiro etc.)
- Técnicos de servizos de sanidade forestal de Galicia.
- Representantes do sector forestal produtivo e de asociacións de propietarios.
- Convidados internacionais (Chile, Uruguai).
- Autoridades autonómicas do ámbito forestal da Xunta.
- Autoridades do Goberno de Portugal. Secretaría do Estado das Florestas.
- Representantes do Centro Pinus de Portugal.

Actividade realizada no marco do Convenio de colaboración asinado entre a Fundación Arume e a Axencia Galega da Industria Forestal para a dinamización sectorial, promoción e posta en valor da cadea monte-industria de Galicia no ano 2025.

